




Deputación
DA CORUÑA

Boletín de Medioambiente

Nº 350

16/07/2025



As Caldeiras de O Castro, situadas en **Muxía**, é un lugar onde o río se converte nunha **fervenza**, precipitándose en forma de cascada dando lugar a una serie de **piscinas naturais** de cor azul turquesa.. "Reciben o nome de caldeiras porque **o río vai erosionando a contorna dando lugar a formas que lembran ás potas ou caldeiros**", din desde turismo.gal. Desta forma, a caída da auga crea unha contorna ideal para o baño, o descanso e a fotografía.

Ademais do aparcamento público, a área conta cun **merendeiro con mesas tipo pícnic**, zonas verdes perfectas para descansar en plena natureza entre baño e baño e unha serie de elementos patrimoniais que enriquecen, aínda máis, o lugar.

Noticias

A Deputación da Coruña colabora na organización do espectáculo Un monte para sempre

A Deputación da Coruña e a Asociación Cultural Castelo Conta, con gran experiencia na organización de actividades sociais e culturais na **contorna do Monte Xalo**, asinaron un **convenio de colaboración** para o proxecto "**Un monte para sempre**", unha **proposta innovadora de carácter cultural, educativo e ambiental** que busca fomentar entre a infancia e a mocidade o respecto, o coidado e o vínculo emocional co medio natural. A Deputación achega **40.000 euros** para financiar esta iniciativa. Entre as propostas incluídas destacan iniciativas como "**Un monte con TikTok**", "**Microconciertos no monte**", "**Unha noite no monte**", que incluírá xogos, acampada e observación da natureza, ou "**Un monte limpo**"...

Máis Info

O Bono Peixe estará dispoñible desde o 28 de xullo con 50 euros por beneficiario

A partir do **28 de xullo**, os cidadáns galegos poderán descargar o **Bono Peixe**, unha iniciativa da Xunta de Galicia que permitirá obter **ata 50 euros por persoa** en descontos para a compra de **peixe e marisco**. Esta medida **busca** fomentar o consumo de produtos do mar, apoiar o sector pesqueiro e promover unha alimentación saudable.

Os descontos poderán acumularse ata un **máximo de 25 euros**, sempre que non se superen os **50 euros totais** dispoñibles por persoa. O período de validez do bono é de **10 semanas** ou ata esgotar o saldo asignado.

Máis Info

Ondas de calor mariñas sen precedentes, tamén en Galicia: así poñen en risco o noso marisco

As **ondas de calor mariñas**, períodos de quecemento extremo do océano que duran días ou meses, **duplicaron a súa frecuencia e duración desde 1982**. Estes eventos invisibles están a remodelar os ecosistemas mariños de todo o mundo. Os seus efectos xa se senten desde a **Gran Barreira de Coral** ata os bancos marisqueiros do noroeste de España.

Ocorren cando as **temperaturas da auga do mar** superan o **percentil 90** dos rexistros históricos durante polo menos cinco días consecutivos. O que fai que estes eventos sexan particularmente perigosos e a súa natureza complexa: **cando as temperaturas do mar aumentan, os niveis de osíxeno baixan, creando zonas mortas onde a vida mariña loita por sobrevivir**.

Máis Info

Só tres concellos de Galicia están «libres» de radón

O Consello de Seguridade Nuclear (CSN) aprobou oficialmente o novo mapa que determina en que municipios españois será obrigatorio medir a concentración de gas radon nos lugares de traballo. **Galicia encabeza a listaxe con 285 dos seus 313 municipios —o 91 %— foron clasificados como Zona II**, considerada de actuación prioritaria. A comunidade convértese así na máis afectada por esta medida, que ten como obxectivo protexer a saúde fronte a este gas natural, invisible e potencialmente mortal.

No en todos os municipios a medición deste gas nos centros de traballo que estean baixo rasante ou planta baixa será obrigatoria. Un total de **25 concellos foron clasificados como Zona I**, onde a presenza de radon non require controis obrigatorios en centros de traballo. Son os seguintes:

A Coruña: Melide e San Sadurniño.

Lugo: A Fonsagrada, A Pobra do Brollón, Cervantes, Cospeito, Folgoso do Courel, Lourenzá, Navia de Suarna, Pol, Ribadeo, Ribeira de Piquín e Trabada...

Máis Info

España ten máis auga do normal: os seus encoros resisten as ondas de calor

A Pesár do **repunte na demanda hídrica pola chegada da sufocante calor —que incrementa o consumo de auga para a rega, para usos domésticos e prevención de incendios—** os encoros sitúanse a día de hoxe ao 72,9 % da súa capacidade, máis de 9 puntos por encima do volume rexistrado en xullo de 2024 (63,7%) e 12 puntos por encima da media da década (60,5%).

Neste **caloroso inicio de xullo, os encoros acumulan 40.869 hectómetros cúbicos (hm³) de auga**, é dicir, 5.000 hectómetros cúbicos máis que en 2024, tras unha primavera excepcionalmente chuviosa, a quinta máis chuviosa desde 1961 e a terceira máis húmida do século XXI, e que marcou o fin dunha seca prolongada.

Por **concas hidrográficas, das 16 existentes destacan nove con niveis de almacenamento entre o 80% e o 90,5%:** Concas Internas do País Vasco (90,4%), seguidas do Douro (86,2%), Tinto, Odiel e Pedras (86%), Ebro (85%), Cantábrico Occidental (84,4%), Miño-Sil (83,5%), Cantábrico Oriental (82,1%), Tajo (80,7%) e Cataluña Interna (80,2%).

Máis Info

Sabías que...

Unha rede social para cans. Así, tal cal. Con **Dappy Dog**, os cans (e os seus humanos) poden facer "match" con outros cans. A **aplicación** permite avisar aos contactos caninos cando un sae de paseo, e mostra en tempo real se hai outros cans amigos pola zona. O resultado: **paseos máis sociais, máis entretidos** e, en palabras dos creadores, "de máis calidade". A idea naceu cando Álex notou que o seu can volvía moito máis contento a casa cando se atopaba con certos cans.

Máis Info

Mestura informativa

RECEITA ECOLÓXICA: Biscoito esponxoso marmolado de laranxa e chocolate

Ingredientes: 450 g. de fariña de repostería un chisco de sal, 10 g. de fermento de repostería tipo Royal, 4 g de bicarbonato sódico, 250 g de iogur natural sen azucre, 325 g. de azucre común, chisco de sal, 4 ovos medianos, 230 g. de aceite suave (eu de xirasol), raspadura dunha laranxa, 150 ml de leite (de 30 ml), 25 g de cacao puro sen azucre.

Para a terminación: 150 ml de nata 35% MG (crema de leite), 150 g de chocolate negro de cobertura, 1 cullerada de mel.

Opcional- Caracolillos de chocolate, noces, pistachos...

Máis Info

Guía de comunicación sostible: como incluír información medioambiental nas túas estratexias e campañas

O impacto ecolóxico é xa un factor que **inflúe** de forma determinante nas **decisións e pautas de consumo da poboación española e europea**. Froito desta evolución, apareceron novas **prácticas comerciais desleais** que tratan de aproveitarse da maior sensibilización medioambiental da cidadanía; en particular, o branqueo ecolóxico. Falamos de **greenwashing** ou branqueo ecolóxico nos casos nos que as empresas fan alegacións medioambientais sobre os seus **produtos** que resultan **vagas, enganosas ou non fundamentadas**.

A erradicación do greenwashing require do concurso de diversos axentes. Con esta guía o Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030 **pretende poñer** ao dispor das empresas e do público en xeral un instrumento útil que facilite o **desenvolvemento de políticas de comunicación sostible adecuadas**, dando claves para a inclusión correcta de información medioambiental en estratexias e campañas comerciais...

Máis Info

Coñece a 'Dieta climática': sa, ecolóxica, sostible e posible

A dieta climática baséase nas dietas de saudables e sostibles da OMS: **triplica o consumo de legumes, dobra o de verduras, deixa á metade o consumo de azucre e reduce a inxesta de carne nun 75%**. A transición agroecolóxica e o cambio de dieta reduciría a pegada de carbono nun 125% e a pegada territorial nun 34%.

Aínda que as estimacións de produción de carne no marco do escenario agroecolóxico permitirían o consumo dunha ración diaria de **carne**, por cuestións de saúde axustouse a súa inxesta ás recomendacións dietéticas e **proponse reducir o seu consumo a tres racións á semana**.

Máis Info

Guía rápida para coidar a túa saúde en viaxes internacionais

Quen viaxe a países tropicais, subtropicais ou en vías de desenvolvemento deben acudir a un **centro especializado en medicina do viaxeiro entre catro e oito semanas de antelación á partida**, preferiblemente antes de prever levar a cabo unha viaxe de longa duración ou traballar no estranxeiro. Hai que ter en conta que durante o período estival a demanda deste servizo é máis alta, polo que se recomenda pedir **cita con bastante antelación** ter unha viaxe planificada na tempada de vacacións.

En relación coa **comida**, as autoridades sanitarias recomendan non consumir alimentos mantidos a temperatura ambiente, aqueles crus ou non cociñados totalmente, os que conteñan ovos crus ou pouco cociñados, e a froita con pel danada. Tamén débese prestar especial atención á **auga**: débese evitar o xeo nas bebidas e os xeados de calquera tipo, non lavar os dentes con auga que non sexa segura; e fervela —tamén para beber— se se dubida da súa calidade...

Máis Info

Boas Prácticas

Arteixo impulsa a nova área recreativa dos Herbales do Río cun proxecto mellorado e máis sostible

O Concello de Arteixo **volveu a sacar a licitación o proxecto da área recreativa de Os Herbales do Río**, tras introducir **importantes modificacións** co obxectivo de **reducir o impacto ambiental e mellorar a accesibilidade do espazo**. A actuación contará cun orzamento de 535.197 euros e desenvolverase nunha parcela de titularidade municipal.

Entre os **principais cambios** destaca a decisión de manter libres as marxes do arroio para preservar o ecosistema fluvial. Tamén se conservará o estanque existente, integrándoo no novo deseño da área. En canto ao equipamento lúdico, os xogos infantís e xuvenís concentraranse nunha mesma zona, facilitando así a accesibilidade e o uso compartido por persoas de diferentes idades. Outro dos puntos fortes do proxecto é a mellora dos accesos e da mobilidade.

Máis Info

Sete cidades europeas compiten por ser referentes en sustentabilidade urbana en 2027

A Comisión Europea anunciou as sete cidades finalistas que optan aos **Premios Capital Verde Europea e Folla Verde Europea 2027 (Benidorm)**. As cidades finalistas representan modelos de liderado en **sustentabilidade** grazas á combinación de innovación, compromiso político e políticas ambientais integrais, que están a transformar a súa contorna en espazos máis saudables e habitables.

As **candidaturas analizáronse** tendo en conta os seus logros en **sete áreas medioambientais clave**: calidade do aire, xestión da auga, biodiversidade, zonas verdes e uso sostible do chan, residuos e economía circular, contaminación acústica, mitigación do cambio climático, adaptación ao cambio climático.

Máis Info

A Praia Grande de Miño estrea un parque acuático pioneiro na provincia da Coruña

A **Praia Grande de Miño** conta cun novo atractivo estival: un **parque acuático instalado no propio areal**, o único deste tipo nunha praia da provincia da Coruña.

O parque permanecerá **aberto** todos os días, en horario **de 12.00 a 20.00 horas**, sempre que as condicións meteorolóxicas permitan. Está destinado a persoas **maiores de 6 anos que superen os 1,10 metros de estatura**. Os **menores de entre 6 e 13 anos** deberán acceder **acompañados** dunha persoa **adulta**, mentres que os adolescentes de **13 a 17 anos** poderán entrar con **autorización asinada**. Por motivos de seguridade, todos os usuarios deberán levar posta en todo momento unha **pulseira identificativa** e un **chaleco salvavidas homologado**. A zona estará constantemente vixiada por socorristas profesionais.

Máis Info

AXENDA AMBIENTAL

- O Aquarium Finisterrae exhibe as mellores fotografías de natureza do ano nunha exposición estival. acolle **este verán** a exposición **'Fotógrafos da Natureza 2025'**, unha mostra que reúne 85 imaxes premiadas no certame European Wildlife Photographer of the Year, organizado pola Sociedade Alemá de Fotografía de Natureza (GDT).

Máis Info

Ver Boletíns anteriores